

Terra

O cambio climático

Cada vez son máis os indicios de que o cambio climático global xa comezou. En 998 superáronse todas as marcas de tormentas e inundacións catastróficas, afectando a máis de 300 millóns de persoas de varios países do Sur. A maioría dos glaciares están a retroceder. Os 14 anos máis calorosos desde que existen rexistros ocorreron desde 1979. Nos últimos cinco anos, os mareógrafos de A Coruña e Vigo rexistraron subas do nivel do mar de varios centímetros. O Ministerio de Medio Ambiente vén de encargar a elaboración dun Atlas de inundación no litoral peninsular español.

A maioría da comunidade científica sostén que o cambio climático está causado polas emisións humanas de determinados gases (dióxido de carbono, metano, CFCs, ...), que aumentan a retención de calor na atmosfera, intensificando o chamado "efecto invernadoiro". O dióxido de carbono

(CO₂) é o principal gas invernadoiro e emítese, de forma inevitábel, ao queimarmos combustíbeis fósiles (carbón, petróleo e gas).

O *Intergovernmental Panel on Climate Change (IPCC)*, formado por centos de científicos de todo o mundo para asesoraren á ONU, advirte de que poden producirse cambios desastrosos. De seguiren as cousas como até agora, prevén un aumento da temperatura global terrestre de até 3.5° C e unha suba do nivel do mar de até 1 m no horizonte do 2100.

Moitas zonas costeiras e illas, a agricultura e os ecosistemas están ameazados polo cambio climático. A frecuencia e a intensidade das grandes treboadas posibelmente aumentará. O número de persoas que viven en áreas onde os mosquitos poden transmitir a malaria podería pasar de 2.500 millóns a 4.800 millóns. É probable que os cambios climáticos previstos se

traduzan en variadas repercusións adversas sobre a saúde humana.

Os máis vulnerábeis aos efectos negativos do cambio climático son os menos responsábeis do mesmo, os habitantes do Sur empobrecido. Por exemplo, a capacidade de facer fronte á suba do nivel do mar é ben maior en Holanda ou Galiza que en Bangladesh.

É necesario que as emisións de CO₂ a nivel mundial se reduzan até unha taxa que posibiliba a súa absorción polos mares e os bosques. Isto implica que as emisións actuais deberían reducirse posibelmente até nun 70%. Esta diminución debería facerse de forma paulatina e equitativa. As emisións per cápita dos países enriquecidos deberían diminuír drasticamente até a cantidade aceptábel. Nos países empobrecidos as emisións por habitante poderán aumentar até esa cantidade. É o que se coñece como "contracción e converxencia".

A FEG demandou á Xunta que implemente unha estratexia galega de loita contra o cambio climático. Cómpre diminuír as elevadas emisións por habitante do noso país. Para iso é fundamental ir reducindo a produción de electricidade a partir de combustíbeis fósiles, fortalecer o transporte colectivo e reducir o uso do automóbil privado. Hai que invertir as tendencias actuais. O ano pasado a central térmica de carbón das Pontes bateu o seu récord de produción, a pesar da entrada en funcionamento de novos parques eólicos e minicentrales hidroeléctricas. As estradas seguen a absorber case todo o orzamento destinado a infraestruturas de transporte.



Editorial

Dioxinas

A “crise dos polos belgas” alertou novamente á opinión pública europea sobre o carácter altamente tóxico e perigoso das dioxinas e sobre os riscos e prexuízos para a saúde humana da gandería industrial, moito máis preocupada por baixar os custos de produción que pola calidade dos alimentos, o impacto ambiental, o emprego e o benestar dos animais.

As dioxinas son compostos organoclorados que poden provocar cancro e, a doses inferiores, problemas de desenvolvemento dos fetos (malformacións estruturais, retrasos no crecemento,...), alteracións do aparello reprodutor (diminución do número de espermatozoides,...) e afeccións ao sistema inmunitario (deteriorando a capacidade do corpo para loitar contra unha infección ou algúns tipos de cancro). Semella non existir un nivel totalmente seguro de exposición ás dioxinas. Otmar Wasserman, profesor de toxicoloxía da Universidade de Kiel (Alemaña) afirma que “un científico independente nunca utilizará a palabra seguro neste contexto. Só é segura a emisión nula ou cero de dioxinas”. As “doses diarias aceptábeis” legais fíxanse tendo en conta non só criterios sanitarios, senón tamén intereses económicos, e ignorando os sectores da poboación máis susceptibles.

A xeración de dioxinas ten a súa orixe principal na química do cloro: produción de cloro, fabricación de praguicidas organoclorados, branqueo de celulosa con cloro, fabricación de plástico PVC (policloruro de vinilo),... O desenvolvemento da industria do cloro foi parello ao aumento das dioxinas no ambiente. A presenza de compostos químicos clorados nos residuos, como o plástico PVC, converteu á incineración nunha das fontes máis importantes de produción de dioxinas. As dioxinas tamén están presentes nos aceites lubricantes e nas emisións dos coches que utilizan gasolina con chumbo.

A eliminación da produción de dioxinas é un obxectivo desexábel se queremos atinxir niveis elevados de protección da saúde pública. Non é aceptábel tolerar a emisión de dioxinas só porque resulta beneficioso para determinados sectores empresariais. Podemos prescindir da industria do cloro e da incineración de residuos. A nosa saúde e o medio ambiente saírían moi beneficiados.

A prevención da xeración de dioxinas é un dos motivos polos que o movemento ecoloxista defende a estratexia dos tres erros (redución, reutilización, reci-

claxe) e rexeita a incineración dos residuos, tanto a que se pode producir nos vertedoiros incontrolados, como a “controlada” en plantas como a que SOGAMA está a construír en Cerceda (ACoruña). SOGAMA sempre procurou minimizar a importancia das dioxinas. Na primeira versión do plano de xestión do lixo nin tan sequera se citaban entre as emisións contaminantes da incineradora. Agora din que as emisións serán “mínimas”. O que non din é que non existe ningún método seguro para garantir que se respecta en todo momento o límite de emisións fixado.

A “crise das dioxinas” tamén amosa a conveniencia de apostarmos por un modelo de agricultura e gandería menos intensivo. A Coordinadora Labrega Europea pregúntase cantos escándalos máis van ser necesarios para que nos decatemos de que os alimentos a moi baixo prezo da agricultura e gandería industriais xeran custos en materia de saúde, de ambiente e de paro que fan que eses produtos sexan máis custosos para o conxunto da sociedade que os derivados dunha agricultura máis labrega e tradicional. En Galiza, debemos aproveitar as vantaxes comparativas do noso agro para o desenvolvemento dun modelo agrogandeiro compatíbel co ambiente, xerador de emprego e que non trate aos animais como se fosen máquinas.

Terra

Boletín cuatrimestral



Federación Ecoloxista Galega.
Apdo. 949. 15700 Santiago.
Tel.: 981 575 444. E-mail: feg@jet.es.
<http://web.jet.es/feg/index.htm>

Subvencionado por:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Coordenación: Xosé Veiras

Colaboraron neste número: Álvaro Barros, Manuel García, Marta Lois,
Antón Masa, Lucía Méndez, Xabier Pumariño, Pepe Salvadores e Miguel Vidal.

Deseño, maquetación e impresión:



DL:C-1738-1998

• Impreso en papel reciclado

Un novo tempo na loita contra “Celulosas-Elnosa”?



A APDR convoca todos os anos unha marcha contra o complexo industrial ENCE-ELNOSA desde Pontevedra e Marín. Foto: Miguel Vidal

Con máis de 35 anos de actividade na enseada de “Os Praceres”, en Pontevedra, o complexo CELULOSAS-ELNOSA segue sendo un referente obrigado para o movemento ecoloxista galego na súa loita a prol dun ambiente limpo e saudábel. O presidente da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) acha que talvez esteamos nun momento crucial desa loita polo que fai ao citado complexo industrial.

En efecto, existen circunstancias que fan pensar que isto sexa así; tratarei de dar unha visión desta nova situación, pero farei primeiro un repaso -por forza breves- dos principais problemas que CELULOSAS-ELNOSA vén provocando desde sempre na nosa bisbarra.

Son moitos os aspectos nos que incide negativamente o complexo industrial de Lourizán no contorno; impide o desenvolvemento urbanístico de Marín e Pontevedra, destrúe as principais fontes de postos de traballo (pesca e marisqueo, turismo, sector madeireiro,...) e o medio natural (as augas da ría e a atmosfera) e afecta á saúde das persoas coas súas emisións e vertidos contaminantes. Ademais, e polo que fai a ELNOSA, supón un permanente risco de accidente pola perigosidade do cloro e derivados que alí se fabrican e almacenan. Os principais problemas ambientais veñen dados polos vertidos á ría de mercurio e derivados organoclorados (entre outros, dioxinas) e pola enorme carga de materia orgánica e sólidos en suspensión e disoltos, que provocan unha forte diminución do osíxeno disolto.

No tocante ás emisións atmosféricas, os principais contaminantes son os derivados do xofre (entre eles os mercaptanos, responsábeis dos pestilentes cheiros), do cloro e dos compostos de nitróxeno. Todos estes compostos teñen unha repercusión negativa sobre o medio e moitos deles (nomeadamente o mercurio, organoclorados e derivados de xofre e nitróxeno) tamén sobre a saúde.

Pero, que ten de novo a situación actual? Ao meu entender, tres factores van influír (estano a facer xa) no futuro da loita pola desaparición do complexo. O proceso aberto polo Goberno central a prol da privatización de ENCE está a condicionar as posicións sindicais e semella xogar en contra dun posíbel peche do complexo (agás que se estea a pensar na especulación cos terreos, dificilmente se poderá vender ENCE de non se garantir o seu futuro). A espada de Damocles da posíbel aplicación da “Lei de recuperación da calidade das augas da Ría de Pontevedra” (“Lei da Ría”), implicaría (de non se modificar o texto actual) o peche de ELNOSA. O último factor é a chegada ao goberno municipal do

BNG, que manifesta abertamente posicións afíns ás da APDR, e que foi votado en boa medida polas súas promesas eleitorais en temas ambientais (CELULOSAS, SOGAMA, tráfico,...).

De cómo se resolvan as tensións entre estes factores vai depender a saída final do conflito. En calquera caso, a nosa posición colectiva segue estando moi clara: a loita polo PECHE DEFINITIVO DO COMPLEXO e pola RECUPERACIÓN DA RÍA é irrenunciábel e, xa que logo, non tomamos postura verbo da súa posíbel privatización; esiximos a aplicación da “Lei da Ría” en tanto supoña o peche de ELNOSA (e a retirada da emenda do PSOE que propón unha moratoria para a fábrica de cloro); e esixiremos do novo poder local que cumpra as promesas eleitorais e dea os pasos necesarios para que -máis cedo que tarde- o que hoxe é xa un desexo da ampla maioría da poboación sexa unha realidade que permita albisar un novo futuro na bisbarra.

Antón Masa

O complexo litoral de Baldaio

De entre todos os espazos naturais galegos para os que, dende tempos xa históricos do ecoloxismo galego, vense reclamando das administracións unha protección efectiva, o complexo litoral de Baldaio é, se cadra xunto coa serra dos Ancares, o máis emblemático.

A súa triste fama naceu aló polos anos setenta cando unha empresa, “Baldayos s.l.”, coa intención inicial de establecer na lagoa un cultivo intensivo de peixes e mariscos, conseguiu de maneira bastante escura a licencia para desenvolver as súas actividades, prohibindo entón o acceso ós bancos de marisco ós veciños da zona, que até entón foran os beneficiarios dos mesmos. Tras isto, o primeiro que faría a empresa sería construír unha serie de diques e comportas que dividiron tanto a lagoa coma a marisma e cos cales conseguiu regular o nivel da auga ó seu antollo. Mais, ó pouco tempo, viuse que intención inicial non foi máis que unha burda tapadeira para o que se convertería nunha actividade moito máis lucrativa, a extracción masiva de áridos.

Así, durante varios anos decenas de camións saían día tras día do complexo cargados coa area dos fondos da lagoa, estimándose en 4.000.000 m³ a retirada até o ano 1976. Evidentemente, esas extraccións provocaron unha drástica variación da profundidade da lagoa, ó que hai que unir os cambios no seu sustrato, así como no de parte da marisma, propiciados pola alteración dos ciclos mareais no esteiro como consecuencia do sistema de diques e comportas, manexadas estas sen criterio algún.

Neses mesmos anos e tamén nalgúns posteriores, extensas zonas da marisma foron drenadas para gañar terras de cultivo e construíronse até catro campos de fútbol. Por se iso fose pouco, Baldaio viuse acosado tamén por un forte auxe urbanístico nos seus arredores, chegándose a construír un cámping en plena marisma.

Baldaio é unha das zonas húmidas litorais máis valiosas da nosa terra. Diversas asociacións ambientalistas teñen desenvolvido numerosas actividades na defensa deste espazo da comarca de Bergantiños, entre elas o Grupo Naturalista Hábitat. O seu presidente explícanos que semella haber motivos para pensar que as cousas van mellorar en Baldaio, obxecto de graves agresións nas últimas décadas.

Como era de esperar, a natureza foi gravemente afectada e foron moitas as especies que desapareceron totalmente da zona ou que viron sensiblemente reducidos os seus efectivos.

Despois do barullo inicial, Baldaio foi caendo pouco a pouco no esquecemento, vendo como lle eran sistematicamente negadas todas as solicitudes de protección que para os seus hábitats eran demandadas.

Así estiveron as cousas até hoxe, cando por fin as Administracións comezan a darse de conta do valor que aínda ten este excepcional humidal galego e a Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente pretende realizar unha **rexeneración ambiental total** do espazo.

Neste senso, e tras distintas reunións tanto coa Dirección Xeral coma coa empresa adxudicataria das obras, o Grupo Naturalista Hábitat realizou un informe

no que se recolle a problemática ambiental actual de Baldaio e cales deben ser as obras a realizar para tentar conseguir a recuperación dos seus antigos valores naturais, informe que, alomenos en principio, será o guión a seguir durante todo o tempo que duren as obras. As accións previstas inclúen a demolición e retirada da totalidade dos diques e comportas da lagoa e da marisma, a recuperación do antigo curso do río principal, a ruptura dos dragados da marisma e o ordenamento do uso público en todo o espazo.

Agora só nos queda agardar que á fin destas obras, cuxo comezo está previsto para a primavera do vindeiro ano, Baldaio recupere o esplendor que lle foi arrebatado pola cobiza humana e que todos poidamos ver como comezan a chegar de novo as especies que un triste día foron expulsadas.

Álvaro Barros



O complexo de Baldaio, situado entre Caión e Malpica, ten unha extensión de 2.000 hectáreas e está formado por un cordón dunar, unha marisma e unha lagoa. Foto: Álvaro Barros

A Pita do monte: unha extinción "Live"

O urogalo macho cazado no seu día por Manuel Fraga e disecado para a súa exposición no albergue da reserva de caza dos Ancares é o único que fica xa nesta serra luguesa. A extinción da derradeira poboación galega de pita do monte é froito da deficiente xestión do patrimonio natural dos Ancares.

A pita do monte (*Tetrao urogallus*) está a protagonizar na Península Ibérica unha extinción "de libro": primeiro merman os seus efectivos de xeito drástico e a continuación frágmentanse as súas poboacións, mentres que as periféricas, neste caso a dos Ancares, no seu límite de distribución máis suroccidental, extínguense.


Non existe unha causa única que explique esta situación, a non ser a competencia polo espazo e os recursos con outra especie, a humana. O furtivismo é unha explicación directa: relativamente doado de matar, é o branco dos escopeteiros máis indocumentados da zona e unha soa perda ten grande trascendencia.

A pita brava é unha galliforme típica dos bosques da taiga, dende Europa ata Siberia. Na Cordilleira Cantábrica vive en bosques maduros montanos, de grande extensión, cunha complexa organización estrutural que lle permite completar o seu ciclo biolóxico cun éxito axustado. Na Península existen dúas subespecies, *T.u. cantabricus* na Cordilleira Cantábrica, máis pequena e de bico máis curto, e *T.u. aquitanicus* nos Pirineos.

O inverno é un dos períodos claves na súa sobrevivencia, posto que a súa dieta vexetariana estrita non lle aporta a enerxía suficiente para soportar as grandes xeadas e nevadas, vivindo en realidade das reservas acumuladas no corpo. Calquera perturbación –un inocente excursionista, un avezado naturalista ou, frecuentemente, unha batida invernal de xabarín–, ergue á pita do monte do seu pousadoiro, facéndolle consumir unha enerxía extra que non recuperará e reducindo as súas posibilidades de sobrevivir.

O éxito reprodutivo do urogalo é moi baixo. Debido ao extremo rigor do seu hábitat, pérdense moitas niñadas e pitiños. As poboacións mantéñense por causa da alta lonxevidade dos exemplares que chegan a adultos.

A pita do monte precisa urxentemente dun plano de recuperación.
(Debuxo extraído do Atlas de Vertebrados de Galicia)



A desastrosa xestión forestal elimina aqueles microhábitats esenciais para a súa existencia. Aínda que, aparentemente, o bosque, e o monte en xeral, continúan a ter o mesmo aspecto, unha mirada sensible e entrenada poden dar fe da diferenza. Mirada da que carecen os iluminados xestores do patrimonio natural cantábrico.

No ano 82, Castroviejo determinou en 22 o número de machos que vivían nos Ancares lugueses. No 98 só se detectaron un par de femias. Hai un descenso brutal e xeralizado da pita brava na Cordilleira Cantábrica. Neste senso, a poboación dos Ancares hai (¿ou había?) que entendela no contexto cantábrico, polo que medidas levadas a cabo nunha soa autonomía non darían resultado nengún. E, ¿que medidas serían esas?. Erradicar o furtivismo, limitar o excursionismo (por exemplo, pechar ao público os bosques dos Ancares galegos), controlar exquisitamente a caza, pechar e

restaurar pistas e estradas, unha xestión forestal como nunca se veu por aquí,... Son medidas profundas e a longo prazo, pouco compatíbeis cos limitados tempos interelectorais.

Como pequenos pegados aos cristais da xoguetería na véspera da noite de Reis poderíamos definir aos nosos gobernantes e xestores. Non vale o "quéroo todo" infantil, hai que escoller. Ou temos pitas bravas e unha natureza de calidade, ou temos suposto desenvolvemento sustentábel a base de explotacións forestais insustentábeis, caza pseudoxestionada ou turismo infrarural e de aventura baixa en calorías.

Aínda así, creo que se poden compatibilizar moitas actividades, mais falla seriedade, vontade, capacitación e, dende logo, amor (aínda que isto xa se pareza a un artigo de Gala).

Xabier Vázquez Pumariño

Daiquí: agricultura ecolóxica na Limia

Inspirados por unha cooperativa xaponesa, membros do Movemento Ecoloxista da Limia (MEL) promoveron a creación de Daiquí, un grupo de labregos e labregas que cultivan de forma tradicional e distribúen os seus produtos directamente aos consumidores e consumidoras. Daiquí pretende mellorar as condicións de vida dos labregos e labregas e axudar a frear o abandono do agro e a deterioración do ambiente na comarca da Limia (sur de Ourense). Daiquí conta co apoio do MEL e da FEG.


A Limia é unha chaira que nestes últimos trinta anos foi practicamente arrasada por concentracións parcelarias que acabaron cos ecosistemas naturais, á brava e sen contemplacións. Hoxe, nesta Limia concentrada, sen carballos seculares, sen sebes, con canles, con rega, medran as patacas. Impera unha agricultura químico-industrial baseada no abuso dos pesticidas. Si, amigos e amigas, a famosa pataca da Limia perdeu a calidade que outrora posuía, unha calidade fundamentada no seco e nas artes de cultivo tradicionais.

Esta penosa descrición da Limia non é nada esaxerada. Porén, aínda hai outra Limia que conserva o aspecto e os valores da Limia auténtica, da Limia de antano. Esa que conserva as sebes perimetrais, os carballos, as veigas,..... Nesta zona, que abrangue os concellos de Rairiz de Veiga, Calvos de Randín, Baltar, etc, hai labregos e labregas que cultivan as terras ao xeito tradicional, que estercan as leiras, que sachan as patacas, que non regan e que case non botan ningún produto químico,

entre outras razóns, porque a súa economía non llelo permite.

No mercado págase igual un quilo de patacas da Limia químico-industrial que un da tradicional. E cal é o problema?. O problema é a produción: na Limia concentrada, os labregos e labregas, por razóns obvias, producen o dobre cós tradicionais, que teñen leiras pequenas e non usan fertilizantes nen rega. E como a produción nas zonas concentradas é moi superior, os labregos e labregas das zonas non concentradas soñan co "maná" da parcelaria. Son os máis interesados en que esta veña canto antes para aumentaren a produción, que non a calidade, das súas colleitas.


Productos Daiquí é unha asociación que tenta valorizar os produtos que se cultivan na Limia non concentrada, de maior calidade e máis sans. Productos Daiquí compra por un prezo xusto as patacas, as verduras, as hortalizas, os froitos secos, as froitas,..... producidas de xeito tradicional. Ademais, Daiquí pretende lograr que os seus labregos e labregas adopten en breve



todo o rigor que esixen as técnicas da moderna agricultura ecolóxica.

Daiquí ofrece produtos sans e de calidade a uns prezos moi parecidos aos dos produtos convencionais, distribuindo as súas mercadorías a domicilio ou en puntos de entrega concertados. As persoas interesadas en contactar con Daiquí poden telefonar ao 988 302 171 ou escribir a Daiquí, A Carballal, Congostro, 32654 Rairiz de Veiga (Ourense)

Manuel García



Antela. A memoria asolagada.

Xosé Luis Martínez Carneiro (coordenador). Edicións Xerais

A lagoa de Antela, na Limia, foi unha das máis extensas da Península Ibérica. A súa desecación en 1958 para transformala en terras de cultivo foi unha das agresións máis lamentábeis sufridas pola natureza galega.

Este libro ofrécenos un percorrido fotográfico polas diferentes facés da Lagoa de Antela dende a súa desecación ata os actuais traballos de concentración parcelaria, cuxo impacto ambiental negativo foi insistentemente denunciado desde a FEG. Tamén contén un conxunto de artigos sobre diferentes aspectos da veiga antelá.

Todos os dereitos de autor do libro, cuxa primeira edición xa se esgotou, destináronse á dotación do premio ao mellor proxecto integral de recuperación da Limia e zonas parciais da Lagoa de Antela, convocado polo Centro de Estudos da Limia coa colaboración de Edicións Xerais.

Queres comer alimentos transxénicos?

Os alimentos transxénicos proveñen de organismos vivos nos que se introdución artificialmente modificacións na súa información xenética. Para levar isto a cabo empréganse varias técnicas dependendo de que tipo de organismo se tente modificar. Unha das máis habituais é a utilización de vectores víricos e bacterianos. Neste contexto, un vector é un organismo vivo que porta os xenes que codifican as características a introducir no organismo receptor, e que é capaz de integralos no material xenético deste. Así, na teoría, o organismo receptor terá a característica introducida.

A pesar do sinxela que parece a teoría, na práctica, os xenes que se integran fano nunha proporción moi baixa (en óvulos de vaca, por exemplo, só se consegue a integración xenética en un de cada mil).

Estas técnicas descubríronse nos anos 70 nos laboratorios das universidades e doutras institucións públicas de investigación. Nos anos 80 entran neste campo de investigación compañías agroquímicas e farmacéuticas, acaparando en pouco tempo unha grande parte da investigación. Esta circunstancia implicou un cambio na orientación das investigacións. Pasaron de estar guiadas por intereses científicos, a estar guiadas por intereses económicos, pasando a rendibilidade a ter tanto ou máis peso que o coñecemento.

Dada a relativa novidade destas técnicas, e a pesar da rapidez coa que avanza a ciencia na actualidade, aínda non se ten un coñecemento exacto do funcionamento do material xenético, e non se ten a certeza de todo o que acontece bioquimicamente unha vez que un xene novo extraño é insertado nun xenoma.

A seguridade destas técnicas para a saúde humana e ecosistémica aínda está por probar, pois non se teñen feito estudos a longo prazo sobre como nos afectarán o cultivo e o consumo destes produtos. Sen embargo, os alimentos transxénicos presentan unha serie de riscos:

- A expansión dos cultivos transxénicos ameaza a diversidade xenética pola simplificación dos sistemas de cultivos e a promoción da erosión xenética.
- A potencial transferencia de xenes de cultivos resistentes a herbicidas a variedades silvestres ou plantas semi-domésticas emparentadas poden crear "supermalezas".

A FEG, conxuntamente coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), a Asociación de Agroecoloxía Alberte Rodríguez Pérez e o Sindicato Labrego Galego (FEG) promove unha campaña para informar á cidadanía galega sobre os riscos para a saúde humana e para o medio ambiente dos alimentos transxénicos.



O goberno español deu o visto e praxe ao cultivo do millo transxénico de Novartis a pesar dos riscos coñecidos no momento da súa aprobación

- Pódense crear novas razas patoxénicas de bacteria por recombinación (transmisión de material xenético entre bacterias)
- As pragas de insectos desenvolverán rapidamente resistencia ós cultivos transxénicos que produzan os seus propios pesticidas.
- Aparición de efectos tóxicos ou alerxénicos.
- A recombinación de vectores xera novas cepas virulentas de virus, especialmente en plantas manipuladas para resistencia de virus mediante xenes virais.
- Difusión, a través dos vectores, de resistencia ós antibióticos entre as bacterias intestinais e os patóxenos.
- Infección de células polos vectores despois de inxerir alimentos transxénicos. O vector pode rexenerar virus de enfermidades ou insertarse no xenoma das células, interrompendo

as funcións dos xenes e provocando cancro.

- Os vectores que transportan o transxene reproducense e expándense. Unha vez introducidos son imposibles de controlar.


A biotecnoloxía é un instrumento moi poderoso, que traerá cambios no noso xeito de entender o mundo. Por iso cómpre pensar sobre todas as consecuencias que a aceptación social destas técnicas de xeito indiscriminado pode traer. Tamén é preciso endurecer as normas existentes sobre a liberación e comercialización de organismos manipulados xeneticamente. É necesaria unha moratoria no referente a estes temas ata que estes e outros riscos da biotecnoloxía sexan avaliados e se impoñan as medidas legais adecuadas para a seguridade de todos os seres vivos.

Lucía Méndez

Galicia eólica

De algúen esaxerado dise que mide o vento por ferrados. No eido da enerxía eólica hai moita xente que mide o vento por ferrados. Porque é esaxerada a cobiza das empresas eléctricas. É esaxerada a falta de sensibilidade ambiental da Xunta, que non quixo seguir o exemplo de Navarra e salvagardar as zonas de maior valor ecolóxico da instalación de parques eólicos. É esaxerado o impacto ambiental negativo dun plano eólico faraónico que vai inzar costas e serras de centos de quilómetros de novas pistas e tendidos eléctricos e de miles de aeroxeradores.

Mapa de Incidencia Territorial do Plano Eólico Galego



LENDAS DE SIGNOS	
	Áreas en trámite de aprobación (o número de puntas de frecha indica o número de concellos afectados).
	Áreas xa aprobadas.

Número	Empresa Promotora	Superf. (Ha)
1	Gamesa Energía, SA	167 341
2	Pelmen Eólica, SA	?
3	Eólicos Touriñán, SA	?
4	Eléctrica de Alberguería, SA (EDASA)	?
5	Hidroener	2 962
6	Iberdrola	2 275
7	Planta Eólica de Galicia, SA (PEGSA)	4 385
8	Energía Eólica de Galicia, SA - Ineuropa	11 702
9	Unión Fenosa Energías Especiales(UFEE)	87 475
10	Hidroeléctrica Galaico Portuguesa, SA	?
11	Elecnor	?
12	Desarrollos Eólicos, SA (DESA)	29 090
13	Ecotècnia. Soc. Coop. Catalana Limitada	27 136
14	Eurovento, SL	55 246
15	Endesa - MADE	85 149

Mapa coas zonas nas que se van instalar parques eólicos segundo os planos eólicos presentados até o 31 de agosto. Parte delas afectan a numerosas áreas de elevado interese natural. Mapa: Marta Lois

O impacto ambiental do militarismo

A guerra e a preparación para a guerra foi un dos maiores factores de destrución ambiental no século XX. As forzas armadas son o maior axente contaminante no noso planeta e o menos regulamentado. O Instituto de Investigación para unha Política de Paz de Starnberg (Alemaña) calculou que entre o 10% e o 30% da degradación ecolóxica a nivel mundial é debida a actividades relacionadas cos sectores militares.

O exército de EE.UU. produce cada ano medio millón de toneladas de tóxicos, máis sustancias tóxicas cás cinco principais empresas químicas xuntas. O 10% do territorio da antiga República Democrática de Alemaña foi devastado ou contaminado gravemente por actividades militares soviéticas.

Unha parte moi considerábel da enerxía que se consome nos países do Norte está destinada directa ou indirectamente a fins bélicos. Calcúlase que a contribución dos exércitos ao “efecto de invernadoiro” sitúase arredor do 10% de todas as emisións. Tamén o consumo de recursos minerais para facer a guerra ou preparala é inxente. O 9% do consumo mundial de ferro destínase a fins militares, así como o 11% do cobre ou o 8% do chumbo.

A produción, o mantemento, o uso e a destrución das armas modernas –nucleares, químicas e convencionais– xera inmensas cantidades de residuos tóxicos e radiactivos, que conducen a graves problemas ambientais en todas as bases militares e industrias de armamento.

Nunha guerra, o bombardeamento de infraestruturas e instalacións industriais –Irak en 1991, Chechenia en 1994, Serbia en 1999– crea verdadeiros desastres ecolóxicos. En poucos días anuláanse os esforzos de control da contaminación realizados durante décadas. Na primavera de 1999 a OTAN atacou –entre moitos outros obxectivos civís e militares serbios– a refinería de petróleo de Novi Sad, os depósitos de petróleo de Prahovo, as

Os exércitos causan unha enorme destrucción ambiental. O que vén a continuación é o extracto dun artigo publicado no número 17 do boletín sobre a prevención da contaminación e a produción limpa Daphnia, editado e distribuído gratuitamente polo Departamento de Medio Ambiente de CC.OO (c/Fernández de la Hoz, 12. 28010 Madrid).

minas de estaño e cobre de Bor e o complexo petroquímico de Pancevo

Tanto na guerra do Golfo en 1991, como na guerra contra Serbia en 1999, as tropas estadounidenses usaron unha arma particularmente odiosa: proxectís recobertos de uranio empobrecido, empregados en armas antitanque e nos míseis Tomahawk. A elevada masa atómica do uranio empobrecido (238, superior á do chumbo), aumenta o seu poder de penetración contra brancos de metal e formigón armado. O pó de óxido de uranio que se produce após a detonación envenena o ambiente de

forma duradoira, causando numerosas mortes por leucemia e outros tipos de cancro, así como malformacións conxénitas.

En tempos de “paz armada”, o custo social e ecolóxico do militarismo é case tan alto como na guerra, nun mundo onde aínda están por cubrir as necesidades básicas de centenaes de millóns de persoas. Só o custo de dous barcos de guerra encargados por Malasia en 1992 abundaría para fornecer auga potábel durante os próximos 25 anos aos 3 millóns de habitantes dese país que carecen dela.

A debilidade da ONU

Os problemas ambientais globais (cambio climático, perda da biodiversidade,...) e conflitos como os dos Balcáns ou de Timor Leste poñen de manifesto a necesidade dunha Organización das Nacións Unidas (ONU) moito máis forte, democrática e eficaz cá actual.

A rede *Earthaction*, formada por máis de 1.600 organizacións de todo o mundo, entre elas a FEG, fixo un chamamento pola seguridade mundial que contén varias propostas que, en conxunto, poderían transformar a capacidade da ONU de contribuír á solución dos problemas mundiais. Entre estas propostas figura a da creación dunha brigada permanente de despregue rápido propia da ONU con capacidade para actuar en áreas en conflito e evitar matanzas se fracasan os esforzos da diplomacia preventiva. *Earthaction* tamén propuxo a instauración dun Consello Ambiental mundialmente representativo, dotado de poderes comparábeis aos do Consello de Seguridade (sen dereitos de veto) e destinado a garantir a protección do patrimonio común mundial fóra das xurisdicións estatais, como os oceanos e a atmosfera.

Os seguintes datos, extraídos da edición en castelán da revista *Worldwatch*, ilustran a debilidade da ONU. O número de empregados da ONU é de 53.600. Disney World e Disney Land empregan 50.000 persoas. O orzamento total da ONU no bienio 95-96 foi inferior ao ingreso dun único fabricante de armas en EEUU (Lockheed Martin) en 1995. O gasto en cascos azuis de 1995 representou tan só o 0,46% do gasto militar mundial dese ano.

Lido

En Galicia habería que ir pensando nun estado de emerxencia paisaxística. Grande parte da costa é xa un eucaliptal, unha mancha sen diversidade nin gama de cores. Os ríos, máis que encorados, van camiño de estar embalsamados, e xa non sobe un salmón nin por despiste. O Xallas, o único río europeo que desembocaba en ferverza sobre o mar, baixa entubado como un moribundo. A unánime oposición veciñal, municipal, as críticas do Valedor do Pobo, as sentencias da xustiza, non conseguen frear a presa do Umia, como se a obra fose un designio da divindade, e a propiedade, por ser dos pequenos, non merecese ningún respecto aos que se chaman conservadores. Aría de Arousa elixiuse como unha absurda base de tanques de combustíbel. E así, un rosario de paradoxos que estalan diante dos ollos. E que fai a Consellería de Medio Ambiente?. Criticar aos ambientalistas.

Manuel Rivas, escritor e xornalista. El Pais (9/9/99)

O Deportivo pode contaminar a auga da Coruña

O encoro de Cecebre abastece de auga aos concellos da área coruñesa, ademais de ser unha importante zona para a invernada das aves acuáticas, o que motivou a súa recente declaración definitiva pola Consellería do Ambiente como espazo natural en réxime de protección xeral.

A asociación ecoloxista coruñesa Cempés oponse á construción da cidade deportiva do Deportivo da Coruña no contorno de Cecebre, pois a súa construción e funcionamento suporán prexuízos innecesarios para un espazo de interese natural. Cómpre destacar que na cidade deportivista aplicaránse cantidades importantes de sustancias (abonos, herbicidas, fungicidas,...) que poden contaminar as augas das que se abastecen máis de 300.000 habitantes.

As obras da cidade deportivista iniciáronse sen a autorización adminis-

trativa correspondente e coa pretensión de que dous dos dez campos de fútbol proxectados afectasen ao propio encoro e a terreos do Concello da Coruña. Trala denuncia de Cempés, os traballos foron paralizados, se ben as obras de explanación e acondicionamento xa estaban moi avanzadas. Augas de Galicia, órgano dependente da Consellería de Política Territorial de Xosé Cuiña, que está a ser branda coa sociedade presidida por Augusto César Lendoiro, vén de autorizar recentemente a explanación e o acondicionamento do terreo.

Cempés demanda un rigoroso e imparcial estudio de impacto ambiental do proxecto da cidade deportivista, tanto da fase de construción como da de funcionamento.

Guía solar

Greenpeace editou unha recomendábel guía práctica sobre como dispor de enerxía solar fotovoltaica en edificios conectados á rede eléctrica. Os módulos fotovoltaicos, que se poden instalar en terrazas, tellados, fachadas, etc, transforman directamente a radiación solar en electricidade. É unha enerxía renovábel e de baixo impacto ambiental que se aproveita de forma descentralizada, evitando os danos ambientais e as perdas enerxéticas producidas no transporte.

O potencial para o aproveitamento da enerxía solar fotovoltaica na Península Ibérica foi moi pouco aproveitado até hoxe. Malia ser menos soleado, tamén no norte de España hai condicións suficientes para a xeración de electricidade fotovoltaica. O mantemento dos paneis fotovoltaicos é sinxelo e os conectados á rede avaríanse facilmente.

O custo da súa instalación pode ser reducido e amortizado recorrendo ás axudas públicas e vendendo a electricidade producida (66 ptas. / kWh), aínda que as axudas na Galiza son escasas e as empresas eléctricas obstaculizan a conexión á rede dos paneis fotovoltaicos. Cómpre un maior apoio dos poderes públicos á enerxía solar fotovoltaica, moi especialmente por parte do Goberno galego, que debería dar exemplo instalando módulos fotovoltaicos nos seus edificios.

A guía custa 2000 pts e pódese solicitar a Greenpeace:

San Bernardo, 107-1º. 28015 Madrid.

Tel.: 914 441 400 Fax: 914 471 598.

E-mail: información@greenpeace.es.



En defensa do río Miño

A FEG entende que o ascensor para peixes que se prevé instalar no encoro hidroeléctrico de Frieira, situado moi perto do comezo do tramo luso-galaico do río Miño, é unha medida cosmética destinada principalmente a lavar a imaxe de Unión FENOSA e dunha Administración autonómica débil e permisiva.

De nada servirá que se permita o ascenso dos peixes migradores (salmón, reo, anguía,...) en Frieira se río arriba a bacía Miño-Sil está ategada de aproveitamentos hidroeléctricos sen pasos piscícolas. Por non falar da degradación dos hábitats e da calidade da auga. A Federación Ecoloxista demanda un plano integral serio e ambicioso de recuperación do río Miño.

O impacto negativo do encoro de Frieira sobre a fauna fluvial tamén se produce augas abaixo. Colectivos integrados na FEG veñen denunciando desde o inicio desta década a mortandade de camas de freza de salmón no río Miño como consecuencia dos cambios bruscos e reiterados de caudais orixinados polos ciclos de apertura e peche das turbinas da central hidroeléctrica. O salmón é unha especie en perigo de extinción no noso país.

O tramo luso-galaico do Miño áchase gravemente ameazado polo proxecto do encoro de Sela, promovido por Unión FENOSA e por Electricidade de Portugal. Por quinto ano consecutivo, a Asociación para a Defensa da Natureza do Condado (ADENCO) organizou, co apoio da FEG, unha acampada contra o salto de Sela, que tivo lugar en xullo na praia fluvial de Sela (Arbo).

O salto de Sela destruíría centos pesqueiras, construcións de pedra destinadas á pesca fluvial que posúen un grande valor patrimonial. A asociación ambientalista portuguesa Corema vén de publicar un completo libro sobre as pesqueiras do Minho escrito por Antero Leite. (Corema. Apartado 40. 4910 Caminha. Portugal).

Para a defensa do río Miño e de todos os ríos do país ameazados por encoros e minicentraís ambientalmente inaceptábeis, constitúese en xullo pasado, nunha xuntanza convocada por ADEGA, unha coordinadora contra os encoros formada por diferentes colectivos. (Xan Louzao. ADEGA. Rúa Touro, 21-1º. 15704 Santiago).

Galicia en bici

O pasado mes de xuño tiveron lugar en Chantada as IV Xornadas galegas de ciclousuarios, organizadas pola asociación ecoloxista XEVALE en nome da Coordinadora Galega de Ciclousuari@s Gabicia. @s participantes nestas xornadas esixiron accións de educación vial dirixidas aos automobilistas para concienciar@s da necesidade de respectaren aos ciclousuari@s. Só unha concepción da seguridade vial que asuma o dominio absoluto do automóbil privado pode considerar a este como un medio "seguro" fronte á "perigosa" bicicleta.

Gabicia demanda ás administracións locais e autonómica proxectos ambiciosos para o fomento do uso da bicicleta como medio de transporte san e ecolóxico no medio urbano e interurbano. Solicita a dotación de infraestructuras (aparcamentos, carrís bici,...), a promoción da compatibilidade do transporte en bici cos medios de transporte colectivos, seguros económicos e adaptados aos ciclousuari@s e a introducción da bici en proxectos educativos escolares.

Infraestructuras eléctricas ameazan as Fragas do Eume

A FEG manifestou a súa oposición frontal a tres proxectos que afectan ao parque natural das Fragas do Eume: a nova liña de alta tensión Mesón do Vento-As Pontes, o parque eólico experimental Sotavento, impulsado desde a Consellería de Industria, e a minicentral hidroeléctrica do arroio de Brea, que se construíría perto do mosteiro de Caaveiro.

O conselleiro do ambiente, Carlos del Álamo, aceptou a instalación de sete dos aerogeneradores do parque eólico

Sotavento no interior do parque natural das Fragas do Eume, a pesar da oposición manifestada pola Subdirección Xeral de Medio Ambiente Natural da súa propia Consellería.

A FEG demanda á Xunta que defenda a integridade dun dos parques naturais máis valiosos da Península Ibérica e que promova as accións necesarias para converter o parque nun instrumento eficaz para a conservación dos valores das Fragas do Eume e para a promoción do desenvolvemento sustentábel.

Incendios forestais

A FEG volveu insistir na necesidade de promover un debate serio sobre o grave problema dos incendios forestais entre as administracións e as organizacións sociais interesadas no monte, coa finalidade de atinxir un amplo consenso sobre a política forestal e de loita contra os incendios. É preciso mellorar moito a loita contra os lumes forestais, desbotando actitudes electoralistas e triunfalistas.

A FEG propuxo en numerosas ocasións ao Goberno galego a creación dun Consello Forestal Galego no que estean representados as Administracións, organizacións sociais e expertos independentes. Tamén solicitou que se debatese o problema dos incendios no Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA), o que non aconteceu ata hoxe polo desinterese do seu presidente, o conselleiro do ambiente Carlos del Álamo.

SOGAMA non é a solución

Militantes da FEG e de ADEGA paralisaron o 26 de xuño en Santiago o tren que transporta o lixo até as instalacións en Cerceda de SOGAMA SA, a empresa formada por Unión FENOSA e pola Xunta para incinerar a maior parte do lixo. Deste xeito denunciaron novamente os inconvenientes da incineración, especialmente a xeración de dioxinas, e demandaron aos novos gobernos municipais progresistas que sigan o exemplo dos planos de xestión do lixo baseados na compostaxe e na reciclaxe promovidos no Morrazo, na Coruña e na Barbanza.



Foto: Pepe Salvadores

En Cataluña, o Parlamento admitiu a trámite, co apoio de todos os partidos agás o PP, unha iniciativa legislativa poular pola reciclaxe e contra

a incineración semellante á impulsada no noso país hai catro anos polas organizacións ecoloxistas galegas. En Galiza, malia

ter recibido un apoio social semellante, a súa toma en consideración foi rexeitada pola maioría do Parlamento.

Axúdanos a defender a Natureza!

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) é unha organización independente das administracións, de empresas e de partidos políticos. A FEG e as asociacións que a forman desenvolven na nosa terra numerosas actividades en defensa do ambiente e do desenvolvemento sustentábel.

O traballo das organizacións ecoloxistas galegas é útil e necesario. Coa túa axuda conseguiremos máis resultados. Se queres colaborar coa FEG, contacta connosco escribindo ao apartado de correos 949 de Santiago de Compostela ou, por correo electrónico, enviando unha mensaxe a feg@jet.es. Se queres coñecernos mellor podes visitar a nosa páxina web <http://web.jet.es/feg/index.htm>.

A Federación Ecoloxista está formada polas seguintes asociacións:

ADEGA. Apdo. 501. 15700 Santiago
ADENCO. Apdo.132. 36860 Pontearreas
AGPF. Apdo. 13. 36080 Pontevedra
ANADE. Rúa Sanz, 28. 36700 Tui
ANIDA. Apdo. 35. 36540 Silleda
APDR. Apdo. 414. Pontevedra
Asemblea do Suido. Rúa Primo de Rivera, 2. 36872 O Covelo
O Brote. Casa da Xuventude.32004 Ourense
CEDENAT. Apdo.512. 27080 Lugo
Cempés. Apdo. 2158. 15080 A Coruña
CENAR. Apdo.147. 15960 Ribeira
CES. Apdo. 100. 36980 O Grove
A Curuxa. IB Xelmírez I. 15706 Santiago
Erva. Apdo.317. 36280 Vigo

O Galo de Antioquía. Casa Rectoral de San Pedro de Lardo. 32630 Xinzo.
Hábitat. Apdo.805. 15080 A Coruña
Leira. Escola Politécnica Superior. Lugo.
Luita Verde. Apdo.155. 36940 Cangas
MEL. A Carballal. Congostro. 32654 Rairiz de Veiga
Néboa. Rúa Muchiqueira, 24. A Mourela. 15579 Neda
Niño do Azor. Avda. da Habana, 40. Baixo. 15320 As Pontes
Oureol. Fac. de Bioloxía. 15706 Santiago.
PX. Café Trabeiro. Ponte do Porto. 15121 Camariñas
Sobreira. Apdo. 185. 36500 Lalín
Taina. Casa da Xuventude. 15171 Perillo-Oleiros
XEA. Apdo. 100. 36800 Redondela
XEVALE. Apdo. 35. Chantada.